

FORMACIÓN. Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 1. Apoios visuais como ferramenta de intervención nos trastornos do espectro do autismo



Obxectivo: Que os participantes no curso aprendan como intervir e axudar ás persoas con TEA en diversos contextos empregando diferentes tipos de apoios visuais.

Destinatarios: profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con TEA: mestres, educadores, orientadores, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, cuidadores, etc *Non poden asistir profesionais das entidades asociadas a Autismo Galicia

Docente: Marlene Horna Castiñeiras, Licenciada en Psicoloxía, Diploma de Estudos Avanzados e Master en Atención Temperá. Conta con máis de 15 anos de experiencia no ámbito dos Trastornos do Espectro do Autismo. Posúe ampla experiencia como docente, adquirida en numerosos cursos promovidos por diversas institucións, universidades e asociacións. Na actualidade traballa de forma autónoma en entornos naturais e na Asociación Bata.

Programa:

1. **TEA e pensamento visual.** Que entendemos por apoios visuais? O porqué da súa importancia na intervención no TEA. Medio ou fin? Temporais ou permanentes? Niveis de abstracción. Significación social. Dosificando enerxías.
2. **Apoios visuais para a comprensión e organización espacio-temporal:** estruturación e sinalización de espazos e materiais, axendas, calendarios, normas, localizadores de persoas... As súas múltiples formas, funcións e usos. Os erros máis comúns.
3. **Apoios visuais para a comprensión, aprendizaxe e traballos académicos:** Deseño de actividades visualmente comprensibles. Aprendendo a describir, redactar, etc. Adaptación de actividades e exámens.
4. **Apoios visuais para fomentar a independencia e autodeterminación:** Utilizando seus intereses. Sistemas de organización persoal. Sistemas de traballo. Facendo eleccións. O traballo en equipo.

5. **Apoios visuais en patios de recreo, xogos e deportes:** estruturación dos patios de recreo. Aprendendo a esperar turno, a perder, a competir, etc. Explicacións adaptadas. Materiais útiles.
6. **Apoios visuais para a comunicación casa-escola:** Pontes para a imprescindible coordinación coas familias: cadernos viaxeros, axendas académicas, recados, bases de datos comúns, etc.

Número de Horas: 8

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30

Data: 07/10/2017

Coste: 65€

Número de prazas: 30

Lugar: [Centro Abanca, Praza de Cervantes](#). Santiago de Compostela

FORMACIÓN. Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 2. Habilidades sociais en persoas con trastorno do espectro do autismo



Obxectivo: Que os participantes no curso adquiran recursos e ferramentas para ensinar ás persoas con TEA a desenvolverse socialmente.

Destinatarios: profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con TEA: Mestres, educadores, orientadores, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, coidadores etc. *Non poden asistir profesionais das entidades asociadas a Autismo Galicia

Docente: Marlene Horna Castiñeiras.

Programa:

1. Que entendemos por habilidades sociais: A complexidade das interaccións sociais e os seus diversos compoñentes. A cultura social. Pódese aprender a observar e saber en que fixarse?

2. O fundamental apoio da familia e o entorno social (profesores, amigos, etc.).

- Empezar coñecéndose a un mesmo.
- A comunicación do diagnóstico na persoa con TEA e outros. Valoración da necesidade de apoio en entornos e situacións naturais.
- Axudando a crear redes de amizade e apoio. Como corregir os erros.

3. O mundo das emocións nas persoas con TEA.

- Atracción, percepción, comprensión e expresión de emocións.
- A relación das emocións coas situacións, desexos ou crenzas.
- A amizade e o amor.

Os termómetro de emocións, o bote da paciencia, a balanza da xustiza de Tony Attwood e outras estratexias de intervención.

4. As habilidades mentalistas: comprender a mente propia e a dos demais.

- Os estados do coñecemento.
- Comprender a mentira, o engano, os olvidos e malentendidos.
- As Historias Sociais e os Cómics en Forma de Historieta de Carol Grey e outras estratexias de intervención.

5. As habilidades de comunicación e linguaxe: Iniciar, manter e finalizar unha conversa. Negociar, argumentar e convencer. Guións sociais, guións de conversa e outras estratexias de intervención.

6. Os compoñentes non verbais das habilidades sociais.

- A mirada, o sorriso, a expresión facial, a postura corporal, a distancia persoal, a aparencia persoal, os xestos, o contacto físico.
- Os círculos de privacidade e outras estratexias de intervención.

7. 'Bullying': Que é? Situacións e contornas. Sinais de alarma. Tipos de acoso escolar máis frecuentes. O acosador, a vítima e os espectadores. Efectos do 'bullying'. A prevención.

Número de Horas: 8

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30

Data: 11/11/2017

Coste: 65€

Número de prazas: 30

Lugar de celebración: [Centro Abanca, Praza de Cervantes](#). Santiago de Compostela

CURSO 3. Intervención sobre as condutas inadecuadas en persoas con TEA: o apoio condutual positivo



Obxectivo: Que os participantes no curso entendan por que se producen e mantéñense as condutas inadecuadas no contexto escolar ordinario. Saber que detrás destes comportamentos existe un motivo que aprenderemos a descubrir e analizar para así planificar e intervir de forma proactiva.

Aprenderanse diferentes estratexias para resolver estes problemas tanto a través do ensino de habilidades ao alumno como a través de adaptacións na contorna, xa sexan de tipo físico, metodolóxico, social ou outros. Aínda así, ás veces chegamos tarde e a crise desencadáese polo que tamén aprenderemos que facer e que non facer nestas situacións.

Destinatarios: profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con TEA: Mestres, educadores, orientadores, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, coidadores etc. *Non poden asistir profesionais das entidades asociadas a Autismo Galicia

Docente: Marlene Horna Castiñeiras

Programa

1. Comprendo as condutas inadecuadas. Por que se repiten unha e outra vez? O ciclo condutual.
2. A limitada ou nula eficacia dos castigos en persoas con TEA.
3. Descubrindo a función que teñen as condutas inadecuadas: A imprescindible análise funcional
4. Cando xa chegamos tarde: como intervir ante unha crise. Que facer?
5. A verdadeira intervención: planificación e posta en práctica de intervencións proactivas centradas na prevención das condutas inadecuadas a través do ensino de habilidades e adaptacións na contorna.
6. Casos prácticos.

Número de Horas: 8

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30

Data: 16/12/2017

Coste: 65€

Número de prazas: 30

Lugar de celebración: [Centro Abanca, Praza de Cervantes](#). Santiago de Compostela

Formularios de inscripción

- ⇒ Prazo de inscripción do **4 de setembro ao 18 de setembro**, ambos incluídos
- ⇒ **Asignación** de prazas por **riguroso orden de inscripción** tendo **preferencia** as persoas que se **inscriban nos tres cursos**
- ⇒ **Confirmárase** a praza por correo electrónico unha vez finalizado o prazo de inscripción

CURSO 1. Apoios visuais como ferramenta de intervención nos trastornos do espectro do autismo

[INSCRÍBETE AQUÍ](#)

CURSO 2. Habilidades sociais en persoas con trastorno do espectro do autismo

[INSCRÍBETE AQUÍ](#)

CURSO 3. Intervención sobre as condutas inadecuadas en persoas con TEA: o apoio condutual positivo

[INSCRÍBETE AQUÍ](#)

INSCRIPCIÓN NOS TRES CURSOS

Prezo reducido: **160 euros e preferencia** na asignación de prazas

[INSCRÍBETE AQUÍ](#)